



O Acordo de Comercio e Cooperación (Trade Cooperation Agreement, "TCA" polas súas siglas en inglés) establece as condicións do comercio do Reino Unido coa UE a partir do 1 de xaneiro de 2021.

De seguido, ofrecese información xeral que pretende presentar unha visión xeral dalgunhas das cuestións derivadas do comercio coa UE. Non é unha guía exhaustiva de todos os aspectos do comercio coa UE e non cobre as circunstancias de ningún caso concreto.

Aranceis e normas da orixe

O TCA entre o Reino Unido e a UE garante a ausencia de aranceis e continxentes para as mercadorías que circulan entre a UE e o Reino Unido, sempre que as devanditas mercadorías cumpran as normas da orixe (Rules of Origin ROO). As normas da orixe determinan a "nacionalidade económica" dunha mercadoría en función da procedencia dos produtos ou materiais (ou insumos) utilizados na súa produción. Impiden que as mercadorías fabricadas en terceiros países pasen polo Reino Unido (ou a UE) para evitar o pago de aranceis de terceiros países.

Para beneficiarse do arancel cero do TCA, as empresas deben demostrar a orixe das súas mercadorías. Un produto considérase "orixinario" se se obtivo "integralmente" no Reino Unido e a UE, ou se transformou substancialmente nun ou ambos os dous mercados. Por iso, como se informou nalgúns medios, as empresas que reexportan produtos de terceiros países con pouca ou ningunha transformación posterior, poderán continuar suxeitos a determinados aranceis cando comercian cos Estados membros da UE.

Resume dos procesos aduaneiros entre o Reino Unido e a UE

A UE introduciu controis aduaneiros completos a partir do 1 de xaneiro de 2021. O Goberno do Reino Unido está a introducir progresivamente os controis fronteirizos para a maioría das importacións de bens ao longo de 2021 e 2022. En concreto, o 14 de setembro do 2021 anunciouse un novo calendario para a introdución dos procesos de importación, con controis aduaneiros completos a partir do 1 de xaneiro de 2022, aínda que algúns controis, como os certificados e os controis físicos das importacións de produtos agroalimentarios e vexetais, pospoñeranse ata o 1 de xullo de 2022.

Primeiros pasos para as empresas

O primeiro paso consistirá en familiarizarse cos novos trámites a realizar, entre os cales se atoparán as declaracións de aduana, a correcta clasificación das mercadorías e o cumprimento dos requisitos de seguridade e protección das mesmas.

- ***Prepárese para facer as declaracións de aduana***

Desde o 1 de xaneiro de 2021, os comerciantes deben presentar as declaracións de aduana para todas as mercadorías exportadas desde o Reino Unido e se importan mercadorías controladas como o alcol, as armas, os produtos químicos ou as drogas.

O 1 de xaneiro de 2022 entrará en vigor a obrigaón de presentar as declaracións de aduana para a importación das demais mercadorías.

- ***Clasifique as mercadorías adecuadamente***

Os comerciantes son responsables da correcta clasificación das mercadorías e do rexistro da súa orixe. Os códigos de mercadorías incorrectos ou co rexistro inexacto da orixe nas declaracións de aduana poden significar que se devindicará unha cantidade incorrecta de impostos ou dereitos. Por iso, pode ser aconsellable solicitar a asistencia de intermediarios aduaneiros para garantir que as mercadorías se clasifican correctamente.

- ***Cumpra cos requisitos de seguridade e protección***

A UE esixe declaracións de seguridade e protección nas importacións e exportacións do Reino Unido. O Goberno británico introducirá estas declaracións para as importacións procedentes da UE para partir do 1 de xullo de 2022. Ao exportar desde o Reino Unido, un comerciante xeralmente ten que facer unha declaración sumaria de saída.

- ***Pida axuda de expertos***

A presentación das declaracións de aduana pode ser complexa. Por iso, recoméndase ás empresas que se poñan en contacto cun intermediario aduaneiro que poida facelo en nome dos seus clientes. A facenda británica (HMRC) dispón de listas de axentes de aduanas e operadores de paquetería rápida cualificados para actuar en nome dos clientes que o soliciten.